

SERVIZO DE
IGUALDADE

CONCELLERÍA DE
IGUALDADE E COMERCIO

CONCELLO
DE VIGO



Expediente 12768 - 224

INFORME SOBRE A NECESIDADE E IDONEIDADE E ORDE DE INICIO PARA A CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO MUNICIPAL DE ATENCIÓN DOMICILIARIA Á INFANCIA -SADI-

Este informe-proposta redáctase de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP), e os artigos 165.1, 172.1 e 175 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais.

Co presente contrato trátase de desenvolver a “Xestión do Servizo Municipal de Atención Domiciliaria da Infancia SADI”, programa que depende do Servizo de Igualdade.

Natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse:

A conciliación da vida persoal, laboral e familiar, é unha necesidade fundamental para acadar a igualdade real de oportunidades en todos os eidos, xa que aínda hoxe en día permanece unha concepción social estereotipada, de que tanto as responsabilidades familiares como o traballo doméstico en xeral, debe ser desenvolvido polas mulleres. Deste xeito, e a pesares que de que as mulleres se incorporaron progresivamente ao mercado laboral como á participación social ou ao deporte e ao ocio, atópanse con grandes dificultades xa que as dobres e triples xornadas convértense en habituais entre a poboación feminina, vendo reducidas as súas posibilidades e afectando directamente á súa calidade de vida.

Algúns datos que reflicten esta situación son os seguintes:

A taxa de ocupación feminina é menor que a masculina, e esta diferenza aumenta cando homes e mulleres teñen menores a seu cargo. Segundo datos do IGE, a taxa de ocupación en Galicia no ano 2023 (últimos datos publicados) da poboación de 20 a 49 anos cun fillo/a menor de 6 anos, foi de 90,9 % para os homes e do 76 % para as mulleres. A taxa cando o número de fillos/as aumenta a 3, baixa para as mulleres ata o 48,2 %, mentres que para os homes redúcese tan só ata o 84,3 %.

A contratación a tempo parcial, ademais, é maioritariamente feminina. A porcentaxe de mulleres ocupadas a tempo parcial en Galicia no ano 2023 foi do 21,5% fronte o 7,4% dos homes. Esta parcialidade no emprego feminino responde a unha estratexia e conciliación das mulleres, que continúan asumindo en maior medida o peso dos coidados na familia. Así, a ocupación a tempo parcial para a poboación entre 20 e 49 anos con 3 ou máis fillas/os e idade da/o menor menos de 6 anos é de 22,2 % para as mulleres e de 9,2 % para os homes no ano 2023. A diferenza é aínda máis acusada cando a idade das/os menores é entre 6 e 11 anos: 20,6 % para as mulleres e 1,6 % para os homes.

Aínda hoxe en día na maioría das familias, a nai é a persoa responsable da tarefa do coidado dos e das menores, o que supón unha importante desvantaxe para as posibilidades de inserción social e laboral das mulleres en igualdade de condicións. Esta situación vese agravada cando se trata de mulleres soas con fillos/as a cargo, especialmente cando son mulleres en situación de violencia de xénero.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 10:50	Páxina 1 de 5
12768-224	CSV: A7A743-588C2H-8FBDB7-7A6Z7J-2JKQ8V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

SERVIZO DE
IGUALDADE

CONCELLERÍA DE
IGUALDADE E COMERCIO

CONCELLO
DE VIGO



Expediente 12768 - 224

A normativa recoñece a competencia municipal na materia relacionada co obxecto do contrato:

- **A Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes**, imponlles aos poderes públicos que establezan medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes. No seu artigo 21, imponlles ás Entidades Locais o deber de integrar o dereito de igualdade no exercicio das súas competencias e colaborar, a tal efecto, co resto das Administracións públicas.

- O **Plan Corresponsables** é unha nova política pública que parte da Secretaría de Estado de Igualdade contra a Violencia de Xénero do Ministerio de Igualdade que ten por obxecto iniciar o camiño cara a garantía do coidado como un dereito en España desde a óptica da igualdade entre mulleres e homes, desde un enfoque de garantía de dereitos universais, á marxe da condición laboral das persoas beneficiarias.

- **Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia**. Establece no artigo 20 como criterio de actuación da administración autonómica e) *O fomento da corresponsabilidade na conciliación do emprego e da vida persoal e familiar das mulleres e dos homes. Para estes efectos, terase en consideración a individualización dos dereitos de conciliación, a continuidade da carreira profesional a través de dereitos de presenza ou de mecanismos que garantan que esta non se rompa e eviten a desprofesionalización, así como a protección do exercicio regular dos dereitos de conciliación e a consideración de que o coidado de fillos e fillas, familiares e persoas achegadas en situación de dependencia que necesiten a asistencia doutras persoas, mulleres e homes, cumpre unha función social esencial, de forma que as cargas doméstico-familiares teñan a protección pública adecuada.* No artigo 139: c) *A colaboración e a coordinación coa Administración local para deseñar e implantar programas e medidas de conciliación e promoción da igualdade entre mulleres e homes.*

- É unha prioridade de actuación recollida no **Plan Estratégico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2022-2027**, 7.3.2.1 *Fortalecer os recursos de apoio á conciliación.*

- O **I Plan Galego de benestar laboral, conciliación e corresponsabilidade 2022-2025** establece como obxectivo específico: 5.1. *Fortalecer e ampliar os recursos de apoio á conciliación e axudas ao coidado da infancia e a xuventude.*

- O **IV Plan de Igualdade do Concello de Vigo**, aprobado polo Pleno da Corporación Municipal o día 25 de novembro de 2009 e vixente na actualidade por acordo da Xuntade Goberno Local do día 25 de xaneiro de 2013, contempla entre os seus obxectivos específicos: 2.B. *Potenciar a creación e ampliación de recursos e servizos que impulsen e faciliten a conciliación da vida familiar, persoal e laboral de mulleres e homes.*

- O obxecto regulado no presente contrato encádrase nas competencias que atribúe aos municipios a **Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local** no seu artigo 25.2.o), na redacción dada polo Real Decreto-lei 9/2018, de 3 de agosto: *actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero.*

- O presente contrato, ademais, atópase vinculado ás competencias específicas que en materia



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 10:50	Páxina 2 de 5
12768-224	CSV: A7A743-588C2H-8FBDB7-7A6Z7J-2JKQ8V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

SERVIZO DE
IGUALDADE

CONCELLERÍA DE
IGUALDADE E COMERCIO

CONCELLO
DE VIGO



Expediente 12768 - 224

de Igualdade ten delegadas a Concellería de Igualdade mediante Resolución de Alcaldía de data 30 de xuño de 2023 (BOPPO 136 do 14/07/2023) e que, no que respecta ao ámbito deste contrato, son: *Dirixir e coordinar os servizos e programas adscritos ao Servizo de Igualdade (entre outros): Servizo Municipal de Atención Domiciliaria á Infancia.*

Idoneidade do obxecto e contido para cubrir as necesidades de forma precisa:

O Servizo municipal de Atención Domiciliaria da Infancia (SADI) é un recurso específico do Servizo de Igualdade que propicia a atención e o coidado dos fillos e das fillas menores de doce anos para as nais que carezan de recursos económicos suficientes ou de apoio familiar. O dito servizo ten como fin potenciar e favorecer a formación e o acceso ao mundo laboral das mulleres da nosa cidade, evitando así que ter ao seu coidado fillos e fillas impida e/ou dificulte a desexable independencia económica das mulleres así como a súa participación social e laboral en igualdade de condicións. Pretende dar cobertura a necesidades sociais detectadas e ofrece atención a mulleres que se atopan en especial situación de vulnerabilidade social, tendo, entre outros propósitos, o de corrixir procesos de exclusión social e promover procesos de inclusión e de participación social.

Trátase, por tanto, dun servizo que favorece a igualdade e a inclusión laboral das súas usuarias, dirixido a cubrir as necesidades de conciliación de familias vulnerables da nosa cidade, o que é fundamental para favorecer a igualdade de xénero.

O SADI é un servizo que facilita a conciliación da vida familiar, persoal e laboral da mulleres, e como tal, a Xunta de Galicia por Resolución de data 15/11/2010, valida este recurso como medida municipal de conciliación de promoción autonómica ao abeiro do disposto no Decreto 182/2008, do 31 de xullo, pola que se establece a promoción autonómica das medidas municipais de conciliación e se determinan os requisitos para a súa validación e funcionamento, que desenvolve o Título VI da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia. Mediante esa mesma Resolución, a Xunta de Galicia procede a anotar este recurso municipal no catálogo público de medidas municipais de conciliación de promoción autonómica.

Este servizo ven prestándose con continuidade dende o ano 1991. Na actualidade, a "Asociación de Mulleres Progresistas de Vigo", co CIF G36657336, ten adjudicado o contrato de xestión do Servizo Municipal de Atención Domiciliaria da Infancia (SADI) por acordo da Xunta de Goberno Local do día 06.08.2020. A segunda e última prórroga que rexe actualmente o contrato **finaliza o 01.09.2024.**

Cómpre licitar, por tanto, un contrato de servizos que permita a súa xestión e garanta a súa continuidade.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 10:50	Páxina 3 de 5
12768-224	CSV: A7A743-588C2H-8FBDB7-7A6Z7J-2JKQ8V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

SERVIZO DE
IGUALDADE

CONCELLERÍA DE
IGUALDADE E COMERCIO

CONCELLO
DE VIGO



Expediente 12768 - 224

O presente contrato está previsto no Plan anual de contratación: si.

A súa anualidade media non coincide coa do contrato vixente: a anualidade media supón aproximadamente un 20% máis que a aprobada na licitación do contrato vixente, debido á actualización dos salarios do persoal prevista no convenio colectivo de aplicación vixente aprobado no ano 2022, cuxa publicación foi posterior á anterior licitación.

En base ao exposto, e conforme co art. 116.1 e D.Ad.2ª.4 da LCSP e coas delegacións de competencias adoptadas por Resolución de Alcaldía de delegación de competencias xenéricas en concelleiras/os de Área de Goberno e concelleiras/os delegadas/os de data 20/06/2023, BOPPO núm. 124 do 28 de xuño de 2023; Resolución de Alcaldía de estrutura da administración do Concello de Vigo: delegación de competencias (2023-2027) de data 28/06/23, BOPPO núm. 129 de 5 de xullo de 2023; Resolución de Alcaldía de delegación de competencias específicas do Alcalde na Primeira Tenente Alcalde e Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística de data 30/06/2023, BOPPO núm. 136 do 14 de xullo de 2023; e Acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/07/2023 de modificación de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nas/os concelleiras/os de Área de Goberno e concelleiras/os delegadas/os e aprobación do texto refundido, BOPPO núm. 164 de 25 de agosto de 2023), elévase á concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

Iniciar o expediente administrativo para a contratación da "Xestión do Servizo Municipal de Atención Domiciliaria da Infancia SADI".

Vigo, na data da sinatura dixital

A axente de igualdade de oportunidades.- Mar Soto García

A xefa do Servizo de Igualdade.- Cristina Gómez García

CONFORME

A concelleira delegada de Igualdade e Comercio.- Ana Laura Iglesias González [Resolucións de Alcaldía de datas 20/06/2023 (BOPPO núm. 124 do 28 de xuño de 2023), 28/06/2023 (BOPPO núm. 129 do 5 de xullo de 2023) e 30/06/2023 (BOPPO núm. 136 do 14 de xullo de 2023) e Acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/07/2023 (BOPPO núm. 164 do 25 de agosto de 2023)]



SERVIZO DE
IGUALDADE

CONCELLERÍA DE
IGUALDADE E COMERCIO

CONCELLO
DE VIGO



Expediente 12768 - 224

RESOLUCIÓN

No uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85), e Resolución de Alcaldía de delegación de competencias xenéricas en concelleiras/os de Área de Goberno e concelleiras/os delegadas/os de data 20/06/2023, BOPPO núm. 124 do 28 de xuño de 2023; Resolución de Alcaldía de estrutura da administración do Concello de Vigo: delegación de competencias (2023-2027) de data 28/06/23, BOPPO núm. 129 de 5 de xullo de 2023; Resolución de Alcaldía de delegación de competencias específicas do Alcalde na Primeira Tenente Alcalde e Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística de data 30/06/2023, BOPPO núm. 136 do 14 de xullo de 2023; e Acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/07/2023 de modificación de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nas/os concelleiras/os de Área de Goberno e concelleiras/os delegadas/os e aprobación do texto refundido, BOPPO núm. 164 de 25 de agosto de 2023).

RESOLVO de conformidade coa precedente proposta.

Vigo, na data da sinatura dixital

A concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística.- MARÍA DEL CARMEN SILVA REGO [Resolucións de Alcaldía de datas 20/06/2023 (BOPPO núm. 124 do 28 de xuño de 2023), 28/06/2023 (BOPPO núm. 129 do 5 de xullo de 2023) e 30/06/2023 (BOPPO núm. 136 do 14 de xullo de 2023), e Acordo da Xunta de Goberno Local de data 28 de xullo de 2023 (BOPPO núm. 164 do 25 de agosto de 2023)]

O concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda.- Jaime Aneiros Pereira [Resolucións de Alcaldía de datas 20/06/2023 (BOPPO núm. 124 do 28 de xuño de 2023), 28/06/2023 (BOPPO núm. 129 do 5 de xullo de 2023) e 29/06/2023 (BOPPO núm. 136 do 14 de xullo de 2023) e Acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/07/2023 (BOPPO núm. 164 do 25 de agosto de 2023)].

Dou fe, a secretaria da Administración Municipal .- Susana Gallardo Fariña



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 10:50	Páxina 5 de 5
12768-224	CSV: A7A743-588C2H-8FBDB7-7A6Z7J-2JKQ8V-FD	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>